

VIEIROS

Barbanza

Edición xestionada por [Adolfo Muíños](#)

NOVO REFERENTE CULTURAL NA BARBANZA

Intenso xaneiro no recién nado Ateneo Valle Inclán de Ribeira

Nunhas datas nas que a actividade cultural semella centrarse nos máis cativos, o novo [Ateneo Cultural Valle Inclán](#) de Ribeira está a agasallar á cidade centenaria, e á Barbanza toda, cunha excelente oferta cultural. O Ateneo presentábase oficialmente o 2 de xaneiro, cunha conferencia (magna ou mega) de Quico Cadaval sobre, coma non!, sobre Valle. Enchíase novamente o auditorio coa presentación da obra de Xavier Alcalá sobre a comunidade evanxélica e prepara a presentación de [Diego Ameixeiras](#) do seu libro gañador do último Premio Xerais 2006, [Tres segundos de memoria](#), organizado en colaboración coa Asociación Altofalante de Ribeira. Será o vindeiro venres 12 de xaneiro ás 20 h., e ademáis da presenza do autor, contará coa dinamización musical do grupo *Desafinado*.

- 08:20 11/01/2007

O Ateneo Valle Inclán presentaba tamén a súa primeira [directiva](#) (moi numerosa) que está presidida por Santos Oujo, e ten na súa secretaría xeral a Antonio Lijó, dono do Bar Plaza e un dos principais impulsores deste novo referente cultural ribeirense.

O Ateneo acollera tamén o pasado 5 de decembro a presentación do libro de Uxía Casal, *Vidas exemplares*, coa presenza da autora e do editor [Manolo Bragado](#).